



EXCMO. CONCELLO DE
BAIONA

BASES QUE REXEN A CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE CONCILIACIÓN SEMANA SANTA 2019

CONVOCATORIA PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA DE CONCILIACIÓN SEMANA SANTA 2019

O Programa de Conciliación Semana Santa 2019 é un programa do Concello de Baiona, promovido pola Concellería de Igualdade a través do Centro Municipal de Información á Muller, que ten como obxectivo ocupar o ocio e tempo libre dos nenos e nenas de entre 3 e 12 anos nos períodos non lectivos do curso escolar , organizar actividades de forma planificada , favorecendo ao mesmo tempo a conciliación da vida persoal laboral e familiar da cidadanía de Baiona.. Esta actividade é cofinanciada polas familias participantes e o Concello de Baiona .

1. Requisitos mínimos para participar no Programa

- Unha das persoas proxenitoras ou titoras debe estar empadroada no municipio con data anterior a esta convocatoria (non e necesario acreditarlo. O Concello de Baiona verificará que a persoa solicitante está empadroada no municipio) ou que a nena ou neno para o que se solicite praza estivera escolarizado/a no curso escolar 2018-2019 nun centro educativo do municipio de Baiona.
- Ter nado entre o ano 2007 e 2015.

2. Data, horario e lugar de realización do programa

O programa desenvolverase, nas seguintes datas: o 15,16,17 e 22 de abril de 2019 , no CPI Covaterreña en horario de 9:00 a 14:00 horas; se ben se hai familias que o necesiten, establecerase horario flexible de entrada de 8:00 a 9:00 horas e de saída de 14:00 a 15:00 horas.

3. Prazo e lugar de presentación de solicitudes

As persoas interesadas en participar na convocatoria, deberán presentar a solicitude **(Anexo I)** debidamente cumprimentada e asinada, xunto a documentación requirida no punto 7 desta convocatoria, no rexistro de entrada do Concello de Baiona de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 h, ou a través da sede electrónica **dende o martes 12 de marzo ata o mércores 27 de marzo ámbolos dous incluídos.**

4. Número de prazas

Ofértanse 30 prazas, das que se reservarán de ser necesarias 5 para os servizos sociais e o Centro municipal de Información á Muller.



EXCMO. CONCELLO DE
BAIONA

5. Prezo Público

O prezo público da prestación do servizo, é de 30€ ; aprobouse na sesión da Xunta de Goberno Local do Concello de Baiona de data 25 de febreiro de 2019 Respecto as bonificacións, de conformidade coa Ordenanza establécense as seguintes:

-20% para o segundo irmá/án e 40% para o terceiro e sucesivos irmás/áns.

-20% para a persoa solicitante que durante a realización da actividade figure incluída no programa de Educación familiar .

As persoas interesadas en obter ditas bonificacións deberán aportar á solicitude de inscrición a documentación acreditativa da concorrencia das situacións e circunstancias expresadas no parágrafo anterior:

-Para o segundo e demais irmás/áns fotocopia compulsada do libro de familia.

Para as persoas solicitantes incluídas no programa de educación familiar informe da educadora familiar do Concello .

As bonificacións previstas neste artigo non son acumulables.

6. Procedemento de adxudicación de prazas

A instrución do procedemento correspóndelle á técnica de igualdade municipal. O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos, en virtude dos cales, de selo caso, formulará a proposta de resolución á Alcaldía como órgano competente para a súa resolución.

A adxudicación realizarase da seguinte forma:

1-Adxudicación directa: Se as solicitudes cumpren os requisitos mínimos establecidos no artigo 1 desta convocatoria e non superan o número de prazas ofertadas..

2-No suposto que o número de solicitudes que cumpran os requisitos mínimos establecidos no artigo 1 superen o número de prazas aplicarase o baremo establecido nesta cláusula.

Avaliadas as solicitudes a técnica de igualdade emitirá informe segundo o cal a Alcaldía resolverá a lista de admitidos/as provisional, de excluídos/as e a de agarda de selo caso, seguindo a orde que resulte da aplicación dos criterios establecidos nesta convocatoria, xunto coa puntuación obtida con especificación no seu caso dos motivos de exclusión que será publicada no taboleiro de anuncios do Concello , no Centro Municipal de Información á Muller e na páxina web o martes 2 de abril sinalándose un prazo de tres días naturais a partir do día seguinte da súa publicación para presentar as reclamacións ás puntuacións obtidas ou emendas que se consideren oportunas. As reclamacións e emendas presentaranse no rexistro de entrada do Concello de Baiona ou a través da sede electrónica. De non ser necesario realizar requirimentos ás persoas solicitantes, a lista publicada o mércores 2 de abril elevarase a definitiva. Noutro caso publicarase a lista definitiva o luns 8 de abril.



EXCMO. CONCELLO DE
BAIONA

Aquelas persoas que desexen que se lles comunique vía e-mail a información relacionada co procedemento, deberán cubrir e asinar o anexo III autorizando as comunicacións por esta vía.

En caso de existir maior demanda que oferta aplicarase o seguinte baremo:

- Familias monoparentais traballando.....5 puntos
- Familias nas que ámbolos cónxuxes traballan.....5 puntos
- Familias nas que un dos cónxuxes traballa.....2 puntos
- Familias monomarentais/monoparentais sen traballar.....2 puntos
- Familias numerosas de categoría ordinaria.....3 puntos
- Familia numerosa de categoría especial.....4 puntos
- Familias que soliciten praza para máis dun fillo/a.....2 Puntos
- Por cada persoa recoñecida legalmente con discapacidade con un grao igual ou superior ao 33%. na unidade de convivencia1 punto
- Vítimas de violencia de xénero.....1 punto

No caso de empate con igualdade de puntuación para a obtención de praza adxudicárase considerando a orde de entrada da solicitude no rexistro do Concello de Baiona .

As persoas adxudicatarias das prazas teñen de prazo para facer efectivo o prezo público de 30€ ata o xoves 11 de abril . Os e as participantes que non teñan aboada a cuota nesta data quedarán excluídos e excluídas automaticamente.

Conta bancaria para efectuar o pago

A BANCA ES23 2080 5015 61 3110024243.

O resgardo do pago , deberá entregarse ata o 11 de abril no Centro Municipal de Información á Muller (sito na rúa Dolores Agrelo nº 16-1ª planta), ou por e-mail á conta de correo electrónico: cim@baiona.org .

Aquelas persoas que obtiveron praza e finalmente non vaian a participar no programa, deberán presentar a renuncia por escrito no rexistro do Concello de Baiona ou a través da sede electrónica.

7. Documentación a presentar

- Anexo I debidamente asinado e cuberto. A solicitude deberá asinala a nai ou pai , ou o titor ou titora (dos e das menores). **No suposto de separación ou divorcio** a solicitude deberá realiza-la a nai ou pai que teña a garda e custodia do/da menor nese período; salvo que a actividade coincida cos períodos de tempo de réxime de visitas, que nese caso deberá presentar a solicitude o cónxuxe que

nese período desfrute do réxime de visitas No caso de solicitar praza para varios irmáns ou irmás deben presentar os datos nunha mesma solicitude de inscrición.

- En caso de ter participado en anteriores programas de conciliación organizados polo Concello e de non haber modificacións da situación a acreditar por parte das persoas solicitantes, éstas deberán cubrir o anexo II quedando exentas de presentar a documentación que sinalen no mesmo.
- Certificado que acredite que o neno/a está escolarizado/a nun centro educativo municipal no curso 2018-2019 **(só en caso de non estar empadroad/a no municipio)**
- Fotocopia compulsada do DNI da nai/titora ou pai/titor (o/a asinante da solicitude)
- Fotocopia compulsada de tarxeta da seguridade social do neno/a.
- Fotocopia compulsada do libro de familia.
- Documento referente á autorización de captación de imaxes e gravación e autorización para utilizar o e-mail como comunicación do procedemento (**Anexo III**)
- Fotocopia compulsada de discapacidade/minusvalía . No suposto que se presente esta circunstancia referente a membros da unidade de convivencia presentarán ademais certificado de convivencia .

De selo caso deben presentar ademais a seguinte documentación:

- No caso de que o rapaz ou rapaza padeza algún problema de saúde que dificulte ou imposibilite o desenvolvemento normal da actividade, teña que tomar algunha medicación, sexa celíaco, etc., deberá presentar un informe médico.
- Fotocopia compulsada do auto de separación/divorcio ou documentación pertinente para acreditar a condición de familia monoparental/monomarental.
- Fotocopia compulsada do título de familia numerosa.
- A situación de violencia de xénero acreditarase por calquera das seguintes formas (art. 5 da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero):
 - Certificación da orde de protección ou da medida cautelar ou testemuña ou copia autenticada pola secretaria ou secretario xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar
 - Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas na Lei 11/2007.
 - Certificación ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración Pública autonómica ou local.
 - Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local.



EXCMO. CONCELLO DE
BAIONA

- Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- Informe da inspección de traballo e da seguridade social ou calquera outros que se establezcan reglamentariamente.

Para acreditar a situación laboral:

Se traballa por conta allea acreditarase mediante calquera das seguintes formas:

- Certificado da empresa ou administración actualizado de prestación de servizos
- Vida laboral actualizada.
- Fotocopia da nómina do mes de xaneiro.

Se traballa por conta propia acreditarase mediante:

- Fotocopia do último recibo do pago da cota da seguridade social do Réxime Especial de Traballadores autónomos

Tódalas fotocopias deberán estar compulsadas

A falta de presentación da documentación establecida para acreditar as situacións e circunstancias específicas sinaladas neste artigo, suporá a renuncia implícita a ser valorado no epígrafe correspondente do baremo.

8- Dereitos e obrigas das persoas participantes

Dereitos:

- Ao bo trato por parte do persoal do servizo, e dos demais usuarios/as.
- A confidencialidade, sobre os seus datos sanitarios, económicos e sociofamiliares.
- A Proporcionarlle a atención socioeducativa precisa para o seu desenvolvemento integral.
- A favorecer a súa participación nas actividades do servizo.

Obrigas:

- Cumprir as normas de funcionamento do servizo.
- Manter unha actitude de respecto e consideración co persoal e cos demais usuarios/as.
- Acudir á reunión informativa que terá lugar en horario de tarde antes do inicio da actividade.
- Asinar as autorizacións para saída do centro educativo ao entorno próximo, para a recollida do neno ou nena en caso de que non sexa a nai, pai ou titor/a quen a realice.
- Cumprir co horario de entrada e saída.

Art. 9.- Son causas de baixa do programa:

- Solicitude dos pais, nais, titores ou representantes legais dos e das menores
- Non presentar o xustificante do pago en prazo e forma.
- Incumprimento reiterado das normas establecidas.

10. Protección de datos

De acordo co artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999 , do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, informámolo/la que os datos recollidos nos diferentes anexos desta orde resultan necesarios para a adxudicación de prazas no Programa de conciliación Semana Santa e para un eficaz desenvolvemento do programa . Os datos facilitados serán incorporados ao ficheiro do Centro Municipal de Información á Muller coa finalidade da xestión do procedemento . A persoa titular dos datos consente expresamente a súa publicación nos termos establecidos na presente convocatoria e a súa cesión á empresa adxudicataria da prestación do servizo.

O departamento responsable deste ficheiro é o Centro Municipal de Información á Muller. Os dereitos de acceso, rectificación cancelación e oposición poderanse exercer ante o Centro de Información á Muller do Concello de Baiona , mediante o envío da comunicación ao Concello de Baiona, Lorenzo de la Carrera nº 17-36300 Baiona ou ao correo electrónico cim@baiona.org.

11. Devolución do importe

Unha vez realizada a inscrición e o correspondente ingreso para participar na actividade, se o neno ou nena non acude, só procederá a devolución do importe ingresado, si se xustifica con anterioridade ao inicio da actividade, e por causa debidamente xustificada. En caso contrario non procederá a devolución do importe.

12. O Concello de Baiona resérvase todos os dereitos de cambiar ou suprimir o programa senón hai un mínimo de solicitudes.

Máis información no Centro Municipal de Información á Muller . Tfno: 986/357554